

## **Plan de dinamización do EDLG**

IES San Clemente

Ano escolar 2014- 2015

## Índice

[Introdución](#)

[Integrantes do EDLG](#)

[Historia do IES San Clemente](#)

[Localización](#)

[Organización e horario do centro](#)

[Contorno sociolingüístico do centro](#)

[Oferta académica](#)

[Alumnado matriculado](#)

[Obxectivos](#)

[Actividades](#)

# 1. Introdución

No IES San Clemente desenvolvéronse historicamente proxectos e actividades que contemplan a dinamización lingüística e o desenvolvemento da cultura galega como principal eixo condutor.

Aínda que no noso centro existen dende sempre iniciativas en prol da nosa lingua e da nosa cultura, o EDLG do IES San Clemente ven funcionando nomeadamente, dende a creación dos equipos de normalización lingüística, e dende ese momento existe un proxecto global de normalización que se revisa curso a curso. É por iso, e dado que un centro de ensino non pode illarse do tecido social do que forma parte, sendo mesmo reflexo, en moitas ocasións, do que naquel acontece, este proxecto deberá continuar traballando coa finalidade de acadar todos os seus obxectivos.

Por esta razón, e porque o método de traballo de cursos precedentes debe ser revisado e a actividade a desenvolver axeitada cos obxectivos perseguidos, este proxecto busca consolidar un método de traballo que se poida levar a cabo de forma continuada no presente curso escolar e nos cursos posteriores, polo que sería considerado como plan plurianual.

## 2. Integrantes do EDLG

Como ordena o no artigo 15º o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario en Galicia (DOG nº 97, do 25 de maio), no IES San Clemente constituíuse un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador, por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

A continuación indícase a composición do equipo de dinamización lingüística do IES San Clemente:

**Coordinador:**

Marcos Vence Ruibal (Informática)

**Membros do profesorado:**

María del Carmen Viñas Álvarez (directora)

Xosé Luis González Ucha (Galego)

María Dolores Díaz Rifón (Galego)

Cristina París Brandariz (Informática)

María Jesús Rodríguez Lastres (Orientadora)

María Mercedes González González (Xeografía e Historia)

Pedro Antonio Labraña Barrero (Matemáticas)

María del Carmen Moure González (FOL)

Manuel Martínez Mira (Filosofía)

**Membros do alumnado:**

González Oliveira, Martín (2º SMR)

González Valiño, Gabriel (2º SMR)

Pérez Baña, David Alejandro (2º SMR)

Pite Magdalena, Gabriel (2º SMR)

**Membros do persoal non docente:**

Manuel Barral Sánchez (Conserxaría)

Carme Otero Cruz (Conserxaría)

### 3. Historia do IES San Clemente

O centro no que se ubica o IES San Clemente data de mediados do século XX e intégrase perfectamente no casco antigo da cidade. A historia do centro ven ligada á formación no traballo.

A historia do noso IES remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá doa uns terreos situados no campo de San Clemente á Igrexa, coa finalidade de que neles se construíse un centro para acoller aos nenos pobres da cidade e proporcionarlles uns coñecementos profesionais que lles permitisen no futuro desempeñar un oficio. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de edificación a través de D. Fernando Quiroga Palacios.

Aínda que o edificio pudo estar rematado antes, as súas actividades non comenzaron ata o ano 1953 que, curiosamente, coincide tamén co momento en que o Papa Pío XII designa cardeal a Don Fernando Quiroga Palacios.

A historia vén demostrar que o centro sempre estivo vinculado a ensinanzas profesionais: foi escola de traballo, escola de artes, escola de mestría industrial, centro de formación profesional...; non foi ata a última década do século XX cando, coa reforma educativa formulada na LOXSE, pasou a denominarse IES e, xa no século XXI, se introduciron as ensinanzas non estritamente profesionais.

O edificio forma parte, estrutural e arquitectonicamente, do conxunto histórico da cidade. Foi sempre de titularidade pública e, polo tanto, depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

## 4. Localización

A raíz da importancia que ten Santiago de Compostela en todos os ámbitos, fai que sexa unha cidade á que é doado chegar por calquera medio de transporte, contando con aeroporto, estación de ferrocarril e de autobuses.

A boa comunicación de Santiago de Compostela con calquera punto de Galicia fai que o noso centro estea ubicado nun lugar estratégico. O Instituto San Clemente está situado preto da Alameda e do centro histórico.

Desde a nosa plataforma educativa podemos levar o noso idioma a todos os lugares do Planeta.

## 5. Organización e horario do centro

As instalacións do IES San Clemente contan cun bo horario, tanto para realizar calquera proceso administrativo como á hora de estudar calquera das súas ensinanzas.

O centro conta tamén cun cadro de persoal que forma un equipo que traballa dentro dun marco de cordialidade.

O horario do centro é o seguinte: de luns a venres : 8:45 – 14:35 e 16:00 – 23:00 h.

## 6. Contorno sociolingüístico do centro

O IES San Clemente ofrece educación tanto presencial como a distancia. Dadas estas características especiais do centro, resulta difícil analizar a súa realidade sociolingüística, xa que cada modalidade educativa se desenvolve nun contorno diferente.

O alumnado dos ciclos formativos provén maioritariamente da localidade na que está situado o centro (Santiago de Compostela) e dos concellos limítrofes.

O alumnado matriculado na ESA pertence a unha parte importante da provincia da Coruña.

O alumnado inscrito en Bacharelato procede de toda a comunidade, por ser este centro o único en Galicia que imparte esta modalidade a distancia. Pero constatamos, pola comunicación mantida a través da plataforma virtual, que pode atoparse fóra da comunidade e mesmo do país mentres realiza os seus estudos.

Os módulos e materias impártense no idioma especificado na lexislación vixente. Para o resto dos módulos, aqueles para os cales a normativa non especifica o idioma a usar, o centro procurará que exista unha oferta equilibrada en galego e en castelán que garanta que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

En canto ao profesorado, o encargado da formación a distancia, desenvolve o seu labor en galego de forma maioritaria, como pode comprobarse na aula virtual, que é o vehículo prioritario de comunicación entre o profesorado e o alumnado.

Con respecto á comunicación interna e externa do centro, esta realizaase integralmente en galego (agás os casos contemplados na lei, de relación con organismos doutras comunidades autónomas), como pode verse na plataforma educativa.

## 7. Oferta académica

O IES San Clemente ofrece educación tanto presencial como a distancia:

Oferta educativa presencial:

- Ciclo medio Sistemas Microinformáticos e Redes (SMR).
- Ciclo superior Administración de Sistemas Informáticos en Rede (ASIR).
- Ciclo superior Desenvolvemento de Aplicacíons Multiplataforma (DAM).
- Ciclo superior Desenvolvemento de Aplicacíons Web (DAW).

Oferta educativa a distancia:

- Os catro ciclos formativos da alínea anterior.
- Bacharelato para persoas adultas.
- ESA para persoas adultas.

## 8. Alumnado matriculado

Estudos	Número de alumnos/as
Ciclos formativos (presencial ordinario)	179
Ciclos formativos (distancia + modular)	616
Bacharelato (adultos)	1 217
ESA (adultos)	297
<b>Total</b>	<b>2 309</b>

Debe terse en conta que a matrícula está aberta ao longo do ano escolar, polo que estas cifras aumentan consonte avanza o mesmo.

## 9. Obxectivos

O obxectivo principal do equipo de dinamización da lingua galega é potenciar o uso do galego no centro educativo.

Outros obxectivos do equipo de dinamización da lingua galega:

- Coidar de maneira especial o uso da lingua nas plataformas educativas, actualizándoas e someténdoas a continuas revisións.
- Asegurar que o alumnado acade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.
- Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar, adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
- Fomentar o uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en diversos soportes.

## 10. Actividades

O equipo de dinamización da lingua galega do IES San Clemente leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades ao longo de todo o curso. Algunhas delas repítense anualmente con éxito. Cabe destacar o concurso literario que xa leva vintesete edicións.

A continuación enuméranse unha serie de actividades propostas para o presente ano escolar, algunas das cales son unha nova edición de actividades xa realizadas en anos anteriores.

- Actividades relacionadas coa páxina web **www.iessanclemente.net**: plataforma educativa a distancia, plataforma educativa “Mestre”, wikis de manuais e axuda.
  - Atención á utilización da lingua galega na plataforma educativa, someténdoa a continuas revisións.
  - Información sobre a normativa vixente
  - Publicación de artigos: “Novas”, “Novas de dinamización lingüística” e “Proxectos eTwinning”.
  - Información sobre os obxectivos e as actividades do EDLG en <http://www.iessanclemente.net/plurilinguismo/equipo/>

- Actividades relacionadas coa vida educativa no IES San Clemente e no contorno:
  - Solución de dúbidas aos membros da comunidade educativa.
  - Participación no club de lectura.
  - Participación en actividades organizadas pola Coordinadora Galega que sexan consideradas de interese para o alumnado.
- Concursos:
  - V Concurso de felicitacións de aninovo.
  - XXVIII Concurso literario.
  - V Concurso europeo de marcapáxinas.
- Difusión do concurso “[Imaxes de Fondo](#)” do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.
- Actividades de promoción da lingua por medio de eTwinning:
  - Christmas Card Exchange 2014.
  - Letras galegas 2015 – Rosalía de Castro.
  - Publicacións da embaixada eTwinning.
  - Ofrecemento ao Servizo Central de Bruxelas para traducir as interfaces do Desktop e TwinSpace ao galego.
- Participación no Plan Proxecta [Salvavidas](#), do SERGAS:
  - Traballo co alumnado a temática sobre doazón e transplantes que se trata no Proxecto Salvavidas (polo menos a temática de tres unidades).
  - Participación no programa de charlas divulgativas sobre doazón e transplante organizadas pola Oficina de Coordinación de Trasplantes de Galicia, e no que se valorará a colaboración do centro na organización da actividade e a motivación ao alumnado na participación activa da mesma.
  - Presentación dun traballo final en formato libre, coa participación de todo o alumnado, de forma individual ou conxunta, e cuio contido tratará sobre o beneficio da doazón e os transplantes.
  - Actividade ou concurso de creación de microrrelatos en relación a este tema.
- Publicación en formato A5 con todo o material desenvolvido durante este ano e mesmo dos anteriores (por exemplo os relatos premiados, etc.)

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2014.

O coordinador do EDLG

Marcos Vence Ruibal

A directora do centro

Carmen Viñas Álvarez